



PREGUNTA ORAL SOBRE O NOVO PROCESO DE CONCESIÓN DE LOCAIS NA NAVE 5 DA PRAZA DE ABASTOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Incumprindo un acordo plenario do mes febreiro, e sen previa consulta pública, o Goberno licitou a concesión de dez locais da nave 5 da Praza de Abastos, nuns termos que deron como resultado unha baixa concorrencia de emprendedores e un número de tan só tres adxudicatarios.

O Goberno anuncia agora un novo proceso para cubrir os locais baleiros. No caso de manterse as confusas condicións establecidas no anterior prego, posibles licitadores poderían verse disuadidos de concorrer ou os adxudicatarios terán que desenvolver a súa actividade nun marco de inseguridade xurídica; e no caso de non manterse as mesmas condicións, a nave 5 estaría suxeita a diversos réximes de explotación.

A vista do exposto, formúlase a seguinte pregunta:

¿Qué previsións manexa o Goberno a respecto do novo proceso de concesión de locais da nave 5 e como prevé resolver os problemas anteriormente referidos?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.



Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular